

VALERO PIE, Aurelia (ed.): *Filosofía y vocación. Seminario de filosofía moderna de José Gaos. Textos de José Gaos, Ricardo Guerra, Alejandro Rossi, Emilio Uranga, Luis Villoro*, FCE, México, 2012, 139p.

Este libro recolle os textos do seminario de Filosofía Moderna que en 1958 organizaron o filósofo José Gaos e os seus alumnos Ricardo Guerra, Alejandro Rossi, Emilio Uranga e Luis Villoro. Deste seminario, no que se abordaron textos de filósofos clásicos modernos desde Kant até Jaspers, só subsisten unha serie de escritos de cada participante dedicados ao tema da vocación filosófica.

Na “Introdución”, Aurelia Valero Pie, editora dos textos, describe como a proposta, xurdida de José Gaos, respondía a un tema que o preocupaba desde antano, en concreto desde o curso que ditara na Universidade Internacional de Verán de Santander antes da Guerra Civil española e despois, xa en México, no seu primeiro ciclo de conferencias na Cidade de México en outubro de 1938.

O tema da vocación filosófica é recorrente, desde diversas formulacións, na andaina filosófica gaosiana. A orixe filosófica do asunto radica na súa percepción do fracaso do que son vítimas os filósofos de todos os tempos, empeñados en encontrar unha verdade universal e eterna, para verse a continuación refutados polos seus seguidores e antagonistas. A forza xeratriz que conduce a este fracaso é a soberbia, pulsión vital que se manifesta como conciencia ou mero desexo de superioridade intelectual. Hai unha harmonía preestablecida entre filosofía e soberbia na que se mancomunan intelectualidade, substancialidade salvadora, abstracción, principalidade superior e dominante, carácter definitivo e absoluto. O paradoxo, terrible e doloroso, radica en que a filosofía, malia o que promete, non pode cumprir

---

Recibido: 07/05/2015. Aceptado: 11/05/2015.

coa súa palabra: non é capaz de entregar os primeiros principios e a verdade aos filósofos ávidos deles. Non complace a súa soberbia. Xa que logo, o filósofo é un humano que amosa os seus límites, finitude e exerce, desta maneira, unha función regulativa da existencia humana. Aurelia Valero reconstrúe os avatares (académicos), malos encontros (persoais), frustracións (intelectuais), abulias (laborais) e desenganos (filosóficos), que levan a Gaos a contemplar a vocación filosófica desde unha confesada incapacidade para elaborar o seu propio sistema filosófico (o que el entendía por sistema filosófico).

No seu texto de seminario, Gaos, con 57 anos de idade, expón, con honestidade descarnada, mancomunada cunha fonda decepción e escepticismo (a respecto das posibilidades da filosofía de explicar o mundo e erguer un sistema filosófico), que é posible que a soberbia sexa a esencia mesma da filosofía. Aínda no caso de non sela, a soberbia resulta ser un dos ingredientes do complexo motivador a partir do que se conciben os filosofemas dos filósofos (por certo, persoas representativas de algo esencial dos humanos ou do humano en xeral). Así, na actualidade a filosofía carece dos valores tradicionais de creación cultural de perenne actualidade e verdade universalmente intersubxectiva. Ademais, adocece do arcaísmo dos sistemas e da índole de pseudociencia que lle acae á metafísica. Porén, porta os valores de acumulación histórica de materiais reflexivos, expresividade da verdade persoal e circunstancial, importancia educativa e formativa, que serven para rebaixar a soberbia filosófica consubstancial ao traballo nela e o seu exercicio. Certamente a idea de verdade persoal, e os valores de expresión e formación, non son potentes para motivar o entusiasmo e a posesión polo e do divino, que motivaron tradicionalmente a soberbia. Só teñen forza para motivar unha predilección por produtos artísticos, literarios, científicos, relixiosos, considerados como expresión da cultura, non como verdades probadas. Desta maneira, o cultivo da filosofía descende até as simplezas humanas das ciencias humanas. Se a filosofía ten máis valor formativo e educativo que o resto dos produtos culturais humanos é porque nela habitou a soberbia, un impulso demoníaco ou fáustico. A modestia significa a morte da filosofía, é dicir, da súa íntima forma de ser: a metafísica. Para Gaos o porvir da filosofía reside no cultivo das disciplinas filosóficas (desde a lóxica matemática até a antropoloxía filosófica, que axudan a recoñecer os límites da razón e o problema insoluble do posto do humano no cosmos). Tamén no cultivo da historia da filosofía e a crítica (como disciplina do coñecemento do humano e educación deste). Sexa como for, a filosofía redúcese a un conxunto de visións e apreciacións nadas nun enclave per-

soal no mundo. Un conxunto que, en ningún caso, ten validez universal. Unicamente o de simple confesión persoal de quen ten por oficio filosofar.

A partir deste texto de Gaos, establécese un diálogo entre iguais que non escatima en choques e poucas cesións. Así, Guerra desestima a concepción gaosiana da filosofía como confesión persoal, Rossi cuestiona a validez da pregunta pola vocación, Uranga escinde radicalmente obra e vida nos creadores, Villoro subliña o carácter non filosófico da pregunta pola vocación.

Guerra entende que a vocación filosófica é a resposta a unha necesidade, unha imposición, un imperativo ao que lle acae mal atribuílo a unha inque-danza subxectiva ou un problema persoal. A filosofía é unha maneira de ser, un estilo de vida que se dá na linguaxe como tarefa e realidade. Para Rossi a filosofía aparece como un camiño de progresiva toma de consciencia, un vagar indefinible que co paso do tempo e a adquisición de coñecementos adquire unha contorna definida no momento de construír unha filosofía propia ou asumir unha allea. Uranga insiste na dimensión mundana da filosofía: a filosofía é conversa, comunicación, vida en común, rede entre un ti e un eu, secreción eroticamente potenciada da relación humana. A filosofía é teoría do mundo, actitude xovial, festiva, entusiasta, descubrimento sensual e intelixente do mundo. Na medida en que de vagar se foi producindo a perda do mundo, tiña, por forza, que acontecer a perda do desexo de filosofía. Cando a forma mundana de filosofía entrou en crise, a súa práctica tornouse problemática. Por último, Villoro incide na dupla radicalidade da filosofía: radicalidade do saber (pretensión de coñecemento radical) e da forma de vida (desapego radical dos fins mundanos). O incumprimento das esixencias vitais, o desengano a respecto dos fins establecidos e o fracaso en relación aos dos fins naturais retrata o exercicio da filosofía. É inservible para fins prefilosóficos. Ten a súa propia orde no seu propio ámbito.

Logo da exposición dos textos, os comentarios que Gaos, Guerra, Rossi, Uranga, Villoro, fan sobre todos e cada un deles, mais o resumo final do propio Gaos, enriquecen o antedito, dándolle xiros inéditos e interpretacións, ás veces, reviradas, reveladoras das tensións conceptuais que aniñan no pensamento especulativo e, tamén, nos participantes.

O libro coróase cun “Epílogo” de Guillermo Hurtado no que se narra, explica e valora o devir particular (profesional, intelectual, biográfico) de cada participante no seminario. Pasados os anos as traxectorias persoais diverxentes, perpendiculares, disxuntas (por exemplo Uranga e Rossi abandonan a filosofía, Villoro non), deixan un pouso de desalento e retratan a Gaos como unha figura tráxica que dedica toda a súa vida á filosofía e ao ensino da filosofía, mais remata por atribuírlle un mero valor de compa-

ña na súa soidade. O diálogo filosófico é unha farsa, e absurdas as clases e conferencias. A filosofía convértese nun monólogo sen resposta, a confesión pública dunha posición estritamente persoal que, sen entusiasmo, toma por oficio pensar por deber, só por deber. O desalento de Gaos é total ao entender que sen a esencial soberbia da filosofía, condénase a si mesma a desaparecer.

Miguel Ángel Martínez Quintanar